

## 2.10. ARTICULANDO O LITORAL

### 2.10.1. Centralidades no litoral de Galicia

Galicia é a Comunidade española coa fachada litoral máis extensa, cunha extensión que abarca 2.555 km, incluíndo 432 km de illas, 464 km de marismas e 1.659 km de costa. A esta dimensión hai que engadir a singularidade dunha costa marcada por profundas rías, marismas e esteiros, cabos, areais e cantís, que lle confiren un enorme valor ambiental, paisaxístico e económico. Son trazos que determinan a enorme vinculación de Galicia co mar até os nosos días.

O extenso litoral de Galicia é, sen dúbida, un dos activos máis valiosos do territorio que ofrece oportunidades para o desenvolvemento de moi diversas actividades e sobre todo significa unha potente capacidade de atracción. A destrución de elementos ambientais e paisaxísticos e a ocupación dun espazo valioso, escaso e irreproducíbel por usos que xeran escaso valor e restan singularidade ao noso territorio supón un importante custo de oportunidade.

O litoral é un espazo clave para o futuro de Galicia. Ao redor do 55% da poboación vive na reducida franxa que se estende entre a cota de 50 metros e o nivel do mar, un espazo que só supón o 14% da superficie de Galicia. Os principais asentamentos urbanos e a maior parte das actividades económicas localízanse xunto á costa, á que están vinculadas moitas das actividades estratéxicas da economía galega: pesca, estaleiros, portos ou turismo, entre outras. Esta distribución dos asentamentos no litoral (especialmente nas zonas interiores das Rías) responde ao sistema tradicional de asentamentos, o cal foi consolidando no tempo unha rede de núcleos rurais situados nos límites de contacto coa costa. A xestión do territorio litoral deberá recoñecer e ter en conta esta singularidade histórica e procurar unha coordinación efectiva entre a situación preexistente e as novas esixencias de protección.

A este sistema tradicional uníronse os modelos de desenvolvemento urbano das últimas décadas, caracterizándose o resultado pola configuración de

amplios tramos de costa como un longo e case ininterrompido asentamento lineal xunto ao mar. Con todo, esta área con caracteres urbanos, que constitúe un ámbito central do noso territorio, carece da estrutura e dos elementos de cohesión necesarios para xerar sinerxías e complementariedades capaces de aproveitar todo o potencial que reside neste ámbito.

Dentro desta tendencia xeral á concentración da poboación e ás actividades na costa, é importante diferenciar as situacións que se dan nos diversos tramos do litoral. Así fronte ao dinamismo da costa de Lugo e o proceso de densificación e urbanización na costa do Golfo Ártabro, as costas do norte da provincia da Coruña apenas lograron manter a súa poboación. Unha situación mesmo máis desfavorable aparece na Costa da Morte, onde a maior parte dos municipios costeiros viviron unha evolución demográfica regresiva. Pola súa banda, na ría de Muros e Noia, aínda que se deron evolucións positivas, estas non teñen as características do resto das Rías Baixas, onde o fenómeno da litoralización do crecemento corresponde espacialmente á contorna da Rexión urbana das Rías Baixas.

En parte as características físicas da costa foron historicamente determinantes para esta distribución dos desenvolvementos. É nas Rías Baixas e no Golfo Ártabro onde se dan as condicións máis idóneas para o asentamento de grandes instalacións portuarias e tamén onde existe unha maior riqueza biolóxica mariña que permite o desenvolvemento da pesca e o marisqueo. A costa das Rías Altas é un espazo que ofrece moitas menos oportunidades de abrigo caracterizándose polas súas fronteas acantiladas e os seus entrantes de escaso calado.

Neste momento atópase en tramitación por parte da Xunta de Galicia o Plan de ordenación do litoral, un plan territorial integrado que se desenvolve en cumprimento do establecido na Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia e na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, así como no mandato do Consello da Xunta na súa reunión do día 24 de maio de 2007.

A tramitación en paralelo destes dous instrumentos (DOT e POL) permitiu potenciar as necesarias sinerxías, establecendo deste xeito coordinado o marco de xestión, entendido este como a ordenación e a protección, das políticas públicas e as iniciativas privadas no ámbito do litoral.

### 2.10.2. O litoral, paisaxe de calidade (de identidade/excelencia)

O resultado das transformacións socioeconómicas da nosa sociedade reflíctese na imaxe que temos do territorio. Esa imaxe tal e como se percibe configura a paisaxe. Se queremos mellorar a calidade da paisaxe litoral deberemos, polo tanto, impulsar un cambio de modelo territorial.

Xa que hai unha relación entre a formación e a percepción, trátase de sacar á luz a información sobre o territorio e os seus valores existentes, de tal forma que esta “información” se converta en “formación” e polo tanto nun elemento de reflexión e motivación de cara á ordenación territorial.

A extensión e diversidade das paisaxes da costa de Galicia aconsella caracterizar e acoutar escalas diferentes de aproximación á paisaxe para así establecer mecanismos para a súa ordenación, protección e xestión. Trátase polo tanto de identificar estas paisaxes como unha serie de ámbitos con características homoxéneas susceptibles de acoller unha serie de determinacións que favorezan a súa protección e mellora ambiental e paisaxística cara a unha ordenación máis integradora.

Deste modo o POL servirá para establecer o punto de partida para a elaboración e desenvolvemento dos instrumentos contidos na Lei 7/2008 de xullo de Protección da paisaxe de Galicia, producíndose a efectiva coordinación entre a ordenación territorial e a protección da paisaxe.

A paisaxe, recoñecida non unicamente como recurso natural, cultural e económico, senón tamén como a memoria viva dun pobo, contén na costa de Galicia un patrimonio inmenso que ten múltiples manifestacións tanxibles e intanxibles. É un elemento de identidade que favorece a cohesión social e

constitúe un activo para o desenvolvemento e a calidade de vida, ademais de colaborar na construción dun contorno global máis comprometido e coordinado. Agora ben, así mesmo trátase dun recurso fráxil e non renovable que require iniciativas para a súa xestión, salvagarda e mellora.

O POL constitúese deste xeito como un instrumento capaz de promover un novo modelo territorial que teña como ferramentas a paisaxe e como obxectivo protexer, mellorar e ordenar as súas paisaxes.

### 2.10.3. O litoral verde

A especial configuración da costa galega dá lugar á aparición de ecosistemas de moi alto valor pola súa elevada biodiversidade: marismas e esteiros, cantís e areais, lagoas e dunas remontantes e outros biótupos especiais que adoitan acoller unha gran biodiversidade de hábitats e especies de flora e fauna silvestre. A progresiva ocupación de amplas zonas do litoral, xeralmente as máis singulares desde o punto de vista da biodiversidade, fai que os escasos espazos que manteñen certo grao de integridade ambiental revistan un interese especial, dado que se trata das derradeiras testemuñas cunha certa naturalidade nun espazo transformado en boa parte da súa extensión. Nalgúns casos, como as marismas, trátase de ambientes dos que depende boa parte da biodiversidade das rías ou ámbitos nos que se encontran.

Estes ámbitos constitúen o que denominamos litoral verde. Son espazos de singular valor paisaxístico ou ecolóxico que resultan imprescindibles para manter o equilibrio ambiental e a riqueza natural das nosas costas e para preservar elementos moi valiosos que contribúen decisivamente ao atractivo de Galicia. Achegan ademais un elemento decisivo para o noso litoral ao proporcionar ámbitos de enorme calidade para actividades de lecer e de educación ambiental, para a compresión e o gozo da paisaxe e para revalorizar a oferta de cidades e núcleos da costa.

O litoral é un ámbito sometido a tensións e cunha densidade demográfica moi elevada. Propónse o dobre obxectivo de protección e de incorporación



*Panorámica da ría de Ares e Betanzos*

á estrutura territorial destes espazos verdes que dotan o litoral dun valor engadido de grande importancia.

Neste documento achéganse os seguintes criterios para o tratamento dos espazos que conforman o litoral verde:

- A conservación dos compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade, a preservación da calidade ambiental e paisaxística dos espazos incluídos no litoral verde, e a identificación e protección de corredores ecolóxicos que manteñan a conectividade funcional destes compoñentes e espazos; é a condición previa para manter o seu valor e as súas funcións territoriais. Evitar a súa ocupación por usos urbanísticos de calquera tipo e orientar de forma compatible coa súa conservación os procesos de planeamento urbano ou sectorial na súa contorna son referencias básicas na súa xestión.
- A recualificación de zonas con impactos negativos e puntos de degradación e a realización dunha xestión activa para a mellora e o mantemento dos valores naturais e visuais é a clave para a conservación duns ámbitos sometidos a unha forte presión debido á actividade humana e moi fráxiles polas súas características ecolóxicas e a súa reducida dimensión.
- Vincular as áreas do litoral verde aos espazos urbanos e rurais próximos. Revalorizárase así o papel destes ámbitos de interese ambiental e fortalecérase a oferta urbana e turística dos asentamentos costeiros. Esta estratexia é fundamental para crear os incentivos necesarios para a súa adecuada conservación. A integración do urbano e o natural require as infraestruturas e equipamentos necesarios para o gozo destes espazos, a creación de conexións brandas para peóns e bicicletas entre as zonas urbanas e as naturais, o desenvolvemento de centros de interpretación nos núcleos urbanos da contorna, servizos de visitas guiadas, etc.
- Outro requisito imprescindible para lograr niveis de uso adecuados nos ámbitos de interese natural é a existencia dunha oferta suficientemente ampla como para evitar procesos de deterioración e sobreexplotación. Neste senso, este documento expón estratexias como a integración das áreas do litoral verde que presenten as características adecuadas na rede de Áreas de interpretación da natureza de Galicia, incorporando estas á oferta de espazos de lecer e de interese ambiental do territorio e diluíndo o impacto sobre as zonas, en xeral de menor tamaño e máis fráxiles, do litoral.



*Rías Altas*

Especial importancia teñen as praias. Estas supoñen o 35% da liña de costa de Galicia e son elementos fundamentais do atractivo e a calidade ambiental e paisaxística do litoral. Son espazos sometidos ademais a crecentes presións que condicionan a súa evolución.

É fundamental desenvolver unha protección integral destes espazos evitando a súa ocupación ou alteración, así como desenvolver unha estratexia que identifique as praias en función da súa capacidade de carga ecolóxica, a fin de planificar de forma máis axeitada tanto as medidas de conservación como as de uso público. Por outra parte, nas praias cun carácter

máis natural ou asociadas aos espazos naturais protexidos cómpre evitar o seu uso indiscriminado, evitar a aparición de accesos e aparcadoiros informais e integralas nas estratexias globais de xestión dos ámbitos de interese ecolóxico. Neste senso, non se deberán construír paseos marítimos, aparcadoiros e servizos fóra dos solos urbanos, de maneira que calquera actuación fóra deses ámbitos debe respectar os valores ambientais e adecuarse ás características naturais do litoral, discorrendo por sendeiros naturais ou levarse a cabo en lugares onde o impacto paisaxístico e ambiental sexa o menor posible.



Faro de Sálvora

#### 2.10.4. A Senda dos Faros

O litoral non é só un límite físico mar-terra, tampouco un contorno, é un medio, un espazo onde se estableceron sociedades e modos de vida, creando relacións das cales hoxe aínda subsisten trazas e obxectos.

A Senda dos Faros é por suposto un camiño físico e como tal pode ser cartografado e sinalizado, pero tamén é un percorrido no espazo e no tempo. Percorrer esta senda supón o recoñecemento do sistema costeiro ao mesmo tempo que unha experiencia sensorial.

A Senda dos Faros é unha actuación orientada a completar e adecuar percorridos brandos e continuos para o seu uso por peóns e bicicletas que permita percorrer todo o litoral galego proporcionando un elemento de gozo do mar como escenario paisaxístico visible ao longo de todo o seu desenvolvemento e no que instalacións tradicionais como os faros costeiros actúan como elementos de acollida e servizos aos usuarios.

Deste xeito xerárase atracción sobre os núcleos de poboación que balizan este percorrido, supondo un método de xestión sostible, evitando o abandono e xerando novos motores económicos e culturais. Preténdese que esta

senda supoña o entendemento do litoral como un complexo sistema terra-mar e para a revalorización das contornas e paisaxes naturais, rurais, urbanas e marítimas que atravesen.

Deberase prestar especial atención á calidade e ao coidado ambiental e paisaxístico destes percorridos e dos elementos situados nas súas inmediacións. O seu desenvolvemento pode darse sobre camiños rurais, estradas, paseos marítimos e portos e outros elementos adecuados lindeiros ou próximos ao mar.

No marco desta iniciativa pode acometerse a rexeneración de zonas costeiras deterioradas así como unha política xeneralizada de acceso a ámbitos litorais que nalgúns casos se ven dificultadas por usos urbanos, espazos de actividade, grandes infraestruturas, etc. Poderase deste xeito recuperar para o seu uso público o conxunto da fachada costeira como un dos principais activos territoriais da nosa Comunidade e lograr os obxectivos de integración dos espazos verdes cos urbanos e cos itinerarios brandos que se dirixen cara ao interior.

### 2.10.5. Espazos turísticos

Considérase que Galicia debe seguir apostando polo turismo como un dos sectores importantes da súa economía. Trátase dunha actividade con grandes expectativas de crecemento nos próximos anos e se conta coa localización e os recursos necesarios para ter unha participación maior nos fluxos turísticos do litoral atlántico, un ámbito cuxa demanda está crecendo moi rápido nos últimos tempos debido á conxestión dos destinos de praia tradicionais e aos cambios nas preferencias dunha poboación con maior idade e cunha estrutura de períodos de lecer máis diversificada. Para logralo, propónse un modelo sostible de deseño do litoral galego como distintos espazos de destino turístico. Este modelo distingue unha serie de elementos, onde destacan os Nodos principais, que son vilas con entidade suficiente para mellorar a posición de Galicia nos grandes mercados turísticos, e a partir dos que impulsar un maior desenvolvemento desta actividade. Outros ele-

mentos destacados serían os Nodos secundarios, entidades con relevantes complexos de atracción, que completan a configuración de cada espazo en conxunto, e as Portas de acceso, ámbitos de confluencia das infraestruturas que permiten a entrada de visitantes.


Este modelo supón o desenvolvemento de ámbitos nos que a oferta de hospedaxe sexa orientada prioritariamente cara á súa recualificación, a certa concentración de prazas de hoteis e apartamentos de carácter moi dinámico, destinadas a estancias curtas e orientadas a satisfacer demandas turísticas singulares que reduzan a estacionalidade, e a súa ampliación vinculada á recuperación patrimonial do inmovible. Asemade, tal e como xa se vén potenciando, cómpre fomentar iniciativas e empresas para actividades no litoral que diversifiquen a oferta turística.

De forma xeral pode apuntarse a necesidade de combinar o turismo de praia con extensión desta oferta cara a valores e atractivos etnográficos, culturais, arqueolóxicos e de natureza, que existen no contorno de todos os destinos de litoral. Adicionalmente, debe terse en conta o Convenio Europeo da Paisaxe, que entre outros obxectivos persegue a mellora do coñecemento da paisaxe no seu sentido máis amplo, isto é, integrando en positivo a pegada histórica humana no contorno natural. Debe promoverse a consolidación de usos turísticos respectuosos co litoral, e incentivar a integración do turismo con outras actividades que impliquen unha ampliación do seu mercado, pero sen impactos sobre a costa. Nesta liña é de interese a posta en marcha de proxectos de transporte colectivo litoral e a mellora do transporte marítimo nas rías, favorecendo o seu uso turístico.

Dentro do ámbito da Rexión urbana das Rías Baixas Sanxenxo-Pontevedra e Vigo-Baiona propóñense como ámbitos idóneos para desenvolver esta función, que conta cunha base urbana de certa solidez, boas infraestruturas de comunicación e capacidade de crecemento. Asemade, as Rías Baixas contan con outros posibles núcleos, como pode ser Ribeira, cun porto de especial importancia en pesca artesanal e de baixura en Galicia, e onde que se enclava o complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán,

Nodos de dinamización dos espazos turísticos

- nodos principais ●
- nodos secundarios ●
- portas de entrada
- aeroportos ✈
- estacións marítimas ⚓
- estradas ○





Combarro. Ría de Pontevedra



un dos principais focos de atracción turística. Na Rexión urbana ártabra as cidades da Coruña e Ferrol deben exercer esa función e na costa de Lugo propóñense Viveiro e Ribadeo como núcleos turísticos principais.

Na Coruña, cidade de longa tradición turística que é o segundo centro de acollida de visitantes de Galicia, e en Vigo, con crecente especialización no turismo marítimo, a ampla oferta derivada do rango urbano destas cidades crea unha oportunidade singular para desenvolver espazos turísticos sofisticados, asociados á implantación de grandes equipamentos de lecer e a modalidades con crecente demanda: turismo urbano, cunha variada combinación de cultura e vangarda, feiras e congresos, talasoterapia, lecer, deportes, etc. Obsérvanse sinerxías importantes coa oferta cultural e de lecer que está emerxendo nestas cidades.

No caso de Ferrol a recuperación da fachada marítima da cidade, a incorporación á oferta urbana de espazos emblemáticos como os castelos de San Filipe e da Palma, e as posibilidades do Arsenal aparecen como grandes oportunidades para configurar ao redor deles unha oferta de lecer do máis alto nivel, vinculada ás actividades náuticas e deportivas.

As instalacións portuarias destas cidades contan co atractivo suficiente para consolidarse como escala do tráfico de cruceiros e de embarcacións deportivas desde o norte de Europa cara ao Mediterráneo. A dimensión destas cidades garante unha oferta terciaria máis que suficiente para soste un desenvolvemento turístico como o aquí suxerido.


Na contorna de Sanxenxo e Baiona a estratexia turística debe contribuír a reducir os problemas de conxestión e a presión sobre os espazos naturais da contorna. A potenciación dos equipamentos urbanos e da oferta terciaria especificamente turística é unha liña de acción necesaria para acadar unha oferta complementaria aos recursos estivais. Asemade a prioridade para as prazas de hospedaxe será a súa recualificación fronte á ampliación co obxectivo base de expoñer unha oferta de aloxamentos turísticos diversificada. Estes aspectos son claves para reducir problemas de estacionalidade e fortalecer

a economía deste espazo. Na costa do Golfo Ártabro o actual predominio do turismo residencial pode evolucionar cara ao turismo de calidade e non masificado baseado na náutica (contando co porto náutico-deportivo de Sada, que contén o maior número de amarres de Galicia), o golf, a cultura, a gastronomía e a natureza, cunha oferta menos estacionalizada.

Viveiro e Ribadeo aparecen como os núcleos con maior potencial para impulsar o desenvolvemento turístico da costa de Lugo dinamizando o conxunto de asentamentos da Mariña lucense e das Rías Altas, que xa contan cunha certa tradición turística. As condicións das rías de Ribadeo e Viveiro e o valor ambiental da súa contorna configuran unha boa base para desenvolver unha estratexia turística apoiada na oferta conxunta de estación náutica e actividades en contacto coa natureza. A corrección dos desenvolvementos urbanísticos de baixa calidade que esta zona experimentou nos últimos anos require unha acción urbanística que restituía o valor da paisaxe natural que constitúe o principal atractivo deste tramo do litoral.

A pequena escala, e cun enfoque orientado ao desenvolvemento de pequenas instalacións hostaleiras vinculadas aos núcleos e portos existentes, pódense desenvolver outros ámbitos de grande interese como a costa sur, a Costa da Morte ou o Arco Bergantiñán e as Rías Altas, que poderían integrar o turismo cos sectores do sistema produtivo local, como a pesca, o marisqueo, viticultura, etc., ou os circuitos culturais e etnográficos próximos ao litoral.

Unha mención especial merecen aqueles concellos que contan xa coa declaración oficial de interese turístico, vinculados ou non ó litoral, polo seu atractivo turístico recoñecido, entre os que se atopan os seguintes. Na provincia da Coruña: Betanzos, Cedeira, Corcubión, Fisterra, Laxe, Miño, A Pobra do Caramiñal, Padrón, Pontedeume, Rianxo, Ribeira e Santiago de Compostela. Na provincia de Pontevedra: Baiona, Cambados, Cangas, O Grove, A Guarda, Mondariz-Balneario, Nigrán, Poio, Sanxenxo, Tui e Vilagarcía de Arousa. Na provincia de Lugo: Chantada, Foz, Lugo, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Quiroga, Ribadeo, Samos e Viveiro. E na provincia de Ourense: Allariz, O Carballiño, Celanova, Leiro, Monterrei, Nogueira de Ramuín, A Pobra de Trives, Ribadavia e A Veiga.



Núcleos de identidade do litoral

### 2.10.6. Os Núcleos de identidade do litoral

Na costa galega existen un gran número de núcleos e puntos singulares que constitúen referentes de identidade urbana e territorial nun ámbito cuxa rápida transformación levou a unha crecente homoxeneización, debido á proliferación de desenvolvementos descontextualizados e á utilización de modelos urbanísticos e arquitectónicos miméticos e repetitivos. A consecuencia é un empobrecemento da oferta territorial do litoral da Comunidade que perdeu valores clave como a diversidade e a singularidade a conta dunha ocupación excesiva e ineficiente de amplas extensións da valiosa fronte costeira.

Os Núcleos de identidade son elementos clave desde os que se propón unha ambiciosa estratexia de revalorización dos espazos costeiros. As súas características ou factores de interese poden ser moi variados incluíndo centros históricos, fitos singulares, núcleos tradicionais, polos de actividades turísticas e terciarias, centros de servizos, pequenos portos, etc.

Os Núcleos de identidade do litoral responden a asentamentos tradicionais cuxa localización estratéxica no bordo costeiro lles confire unha singularidade que os fai merecedores dun tratamento específico. Constitúen ámbitos que, considerados integradamente, permiten recuperar a variedade do litoral como un elemento enriquecedor e xerador de oportunidades. Con todo, o xurdimento desa variedade só poderá darse na medida en que cada Núcleo se perciba como parte dun todo máis amplo e interconectado, de forma que se poidan potenciar as complementariedades e sinerxías necesarias para que cada un poida salientar as accións coherentes coa súa vocación sen xerar debilidades ou perder oportunidades de desenvolvemento senón, pola contra, aumentándoos na medida en que incrementen as súas fortalezas ao participar das dinámicas dos restantes núcleos.

Variedade e carácter son os conceptos fundamentais para lograr un dos principais obxectivos do Modelo territorial para a costa galega: impulsar actuacións de calidade, capaces de aproveitar plenamente o potencial e as oportunidades dun ámbito tan valioso. As infraestruturas existentes e as especificamente propostas para o litoral, a Senda dos Faros e as destinadas a dotar de coherencia as costas das Rexións e Áreas urbanas e ao Sistema urbano intermedio do litoral,

constitúen a armazón que debe facilitar interrelacións entre os diferentes Nodos, configurando unha rede urbana para a costa máis sólida, atractiva e eficaz que a actual. Esta nova estrutura policéntrica debe constituír a referencia para futuros crecementos, cuxo desenvolvemento debe apoiarse nos Nodos identificados en correspondencia coa súa identidade e vocación. É moi importante facer énfase nas operacións de renovación dos espazos xa construídos, reutilizándoos e incorporando novos usos como alternativa sempre preferible á expansión das zonas urbanizadas cun aumento da ocupación da fronte costeira.

Os Núcleos de identidade son os polos de articulación das novas vocacións para os valiosos espazos costeiros integrando o turístico e o non turístico, creando opcións de primeira e segunda residencia, acollendo iniciativas empresariais, artísticas e culturais, novas modalidades turísticas, xestión das áreas naturais e paisaxísticas do litoral e accións relacionadas co seu uso e gozo. Ademais son elementos fundamentais na articulación costa-interior actuando como pezas clave para a difusión cara a zonas menos dinámicas do territorio de procesos que tenden a concentrarse na costa pero que poden atopar importantes posibilidades de expansión nas zonas interiores.

Esta estratexia precisa, para ser posible, de accións diversas nos diferentes Núcleos, orientadas a fortalecer a súa identidade, recuperando e valorizando os elementos urbanos e patrimoniais que os singularizan, así como a mellorar a calidade e o atractivo dos espazos urbanos, integrando os portos tradicionais nun novo papel como espazos centrais da vida urbana e da nova oferta destes núcleos. Neste sentido a opción de novos usos para os portos pesqueiros debe ser sempre unha prioridade fronte á construción de novas instalacións. Trátase, en definitiva, de preparar os Núcleos de identidade para o desenvolvemento de novas actividades e funcións no contexto dunha estratexia de reequilibrio territorial.

No anexo I destas Directrices inclúese a relación de Núcleos de identidade do litoral recoñecidos polo traballo de análise á escala de aproximación ao territorio xeral acorde con este instrumento marco da ordenación en Galicia. Desta maneira, o Plan de ordenación do litoral, coa súa análise específica para o ámbito litoral, poderá completar esta listaxe de forma xustificada.